



CONCELLO DE NARÓN

Nº Expte.: **IN408A 2020/54**

Denominación do proxecto: **Modificación Parque Eólico Novo**

Solicitante/Promotor: **Naturgy Renovables SLU.**

Situación: Concellos de **Valdoviño, Narón e San Sadurniño** (A Coruña)

Asunto: Remisión da documentación do proxecto referenciado **para a súa exposición pública.**

Achegase a documentación que de seguido se relaciona e que poderán descargar a través do seu correspondente enlace, para os efectos da **súa exposición pública** no taboleiro de anuncios dese Concello **durante o prazo de quince (15) días** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo (no DOG ou no xornal). Ademais, esta documentación tamén se poderá **consultar no portal web** da Consellería de Economía, Empresa e Innovación a través do seguinte enlace:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/parque-eolico-novo>

- **Acordo** do 17 de Agosto de 2021 :

<http://descargas.xunta.es/c5713ba2-f2bd-4ce6-802c-e64b002087b11629278873738>

Documentación Técnica do Proxecto:

- **Proxecto Execución** (Feb2021-vsdo.19/02/20):

<http://descargas.xunta.es/db0ae2f8-6a33-45c7-8a80-618aca02373f1629104375669>

- **Plano Xeral** do Parque Eólico:

<http://descargas.xunta.es/e993e0d4-b31d-480c-a6d9-824bf31b06e31629104442427>

- **Estudo do Impacto Ambiental** (EIA) (xullo2021-asdo.09/07/21):

<http://descargas.xunta.es/9b6a989d-b344-4167-8c9b-e413665fdb711629106150457>

- **Proxecto Sectorial** (proxecto de interese autonómico) (out.2020-vsdo.23/10/20):

<http://descargas.xunta.es/4cef8d44-3ffe-42f3-8586-a698bd682efa1629106253369>

Así mesmo, esta exposición faise co fin de **cumprir co trámite de dar audiencia ao seu Concello.**

Rematado este prazo, **deberá remitir** a esta Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, un **certificado acreditativo** desta exposición no que deberá indicar:

- A **exposición pública**, **especificando toda a documentación** anteriormente **relacionada**, así como indicar se houbo ou non **alegacións** e, de ser o caso, **relacionadas na certificación** para a súa constancia no expediente administrativo.

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctricas; no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.





XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e
Consellería de Economía,
Empresa e Innovación

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer 2, 1º e 2º andar
15071 A Coruña
Tel: 981 18 49 01-981 18 49 02
Web: ceei.xunta.gal

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17 de xuño de 2021 acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o parque eólico Novo (IN408A 2020/54), promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17 de xuño de 2021 acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o parque eólico Novo (IN408A 2020/54), promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (B84160423) ao abeiro do establecido nos arts.42 e 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, polo que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais resolveu o 27 de xullo de 2021 declarar a tramitación de urxencia deste proxecto de acordo co establecido no art.44.2 da antedita Lei 5/2017 e no art.33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, o que supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

A Coruña,
O xefe do servizo de Enerxía e Minas
P.A. xefe do servizo de Administración Industrial
Francisco Filgueira Rodríguez

